



CONCELLO  
DE  
VALDOVIÑO

**DECRETO Nº 186/2012**

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e de conformidade co disposto nos artigos 30 do Regulamento Orgánico Municipal e 78.1 do ROF polo presente veño en convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o próximo día **15 de xuño ás 20:00 horas** en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debater os asuntos relacionados no seguinte:

**ORDE DO DÍA**

**I) PARTE RESOLUTIVA**

- 1º.- Dación de conta da Sentenza nº 1403/2011 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se anula o orzamento xeral do concello do exercizo orzamentario de 2009 e proposta de acordo.
- 2º.- Dación de conta do informe da intervención municipal sobre a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da liquidación do orzamento xeral do ano 2011 e acordos que procedan.

**II) PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO**

- 3º.- Dar conta da relación certificada das obrigas pendentes de pago, en cumprimento do establecido no RD 4/2012, do 24 de febreiro, así como da expedición das certificacións individuais positivas.
- 4º.- Dar conta do Informe da tesourería municipal sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello previsto na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais durante o 1º trimestre do ano 2012.
- 5º.- Dación de conta do "Anteproyecto de Informe de Fiscalización de las contrataciones desarrolladas por las Entidades locales en relación con las inversiones financiadas por el Fondo Estatal de Inversión Local creado por el Real Decreto-ley 9/2008, de 28 de noviembre".
- 6º.- Moción do BNG sobre a exención do IBI á Igrexa Católica.
- 7º.- Rogos e Preguntas

Da presente convocatoria e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos.

En Valdoviño a 12 de xuño de 2012

O ALCALDE



Asdo: José Antonio Vigo Lago